

ACORDO DA COMISIÓN PERMANENTE DE 3 DE OUTUBRO DE 2006, DA FACULTADE DE FARMACIA POLO QUE SE REGULA O CAMBIO DE GRUPO
--

A Xunta de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela acordou, con data 31 de outubro de 1996 que é competencia dos centros a publicación dos criterios de distribución dos alumnos entre os distintos grupos, así como a regulación do procedemento para a solicitude de cambio de grupo e dos criterios para a resolución destas peticións.

En virtude do exposto e no exercicio das súas competencias esta Comisión aproba como principios xerais para o cambio de grupo o que a seguir se describe:

PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes de cambio de grupo de clases teóricas presentaranse, dirixidas ao Decano, no prazo de 15 días naturais dende o inicio do curso académico de que se trate*.

Na solicitude deberase indicar a materia ou materias para as que se solicita o cambio.

Habilítase un segundo prazo, extraordinario, para a solicitude de cambio de grupo en materias do 2º cuatrimestre ao que só poderán acollerse aqueles estudantes que modifiquen a súa matrícula con posterioridade ao comenzo do curso.

Este prazo remata aos 15 días naturais do inicio da actividade docente do 2º cuatrimestre*.

A concesión de cambio de grupo terá en conta exclusivamente os que se soliciten, e non outras posibles combinacións.

CRITERIOS

A solicitude de cambio de grupo será motivada en todo caso debendo achegarse xunto coa solicitude a documentación que acredite a causa na que se sustancia a solicitude.

Como criterio xeral o fundamento para pedir cambio de grupo será unha destas causas: médicas; laborais; intercambio académico, outras causas debidamente xustificadas.

O Centro non se responsabiliza de que os cambios que se concedan creen incompatibilidades de horario, polo que os solicitantes deben responsabilizarse da súa escolla.

Será a Comisión permanente quen determine a qué grupo se adscribe cada alumno en función das dispoñibilidades do Centro.

A resolución concedendo ou denegando o cambio de grupo será asinada polo Decano, nos seguintes 10 días naturais dende o remate do prazo de solicitude.

A resolución do Decano sobre adxudicación de grupos poderá recurrirse en alzada perante o Rector no prazo dun mes dende que se dictou o acto. Serán de aplicación as Normas Académicas da USC e maila Lei 30/1992 das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

DISPOSICIÓN FINAL

Este acordo entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no taboleiro de anuncios da Facultade.

DILIXENCIA

Para facer constar que o presente acordo foi publicado no taboleiro de anuncios da facultade o día 9 de outubro de 2006.